



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 20 de xullo de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 18 de xullo de 2016, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. David Regades Fernández

**Vocais:**

- D. Pablo Olmos Pita
- D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez
- D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
- D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 5a)
- D. Fernando Carballo Villar (asiste aos puntos 6a, 6b, 7a, 7b, 9a e 9b)
- D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 2d e 3b)
- D<sup>a</sup>. Pilar Alonso Cacheiro (asiste aos puntos 6c, 7c, 9c, 9d e 9e)
- D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2a, 3a e 4a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

#### 1.- Aprobación de actas

##### a) Acta da sesión do 13.07.2016

Apróbase a acta polos membros da Mesa coa abstención de D. Pablo Olmos Pita por non estar presente na sesión do 13 de xullo de 2016.

##### b) Acta da sesión do 15.07.2016

Apróbase a acta polos membros da Mesa coa abstención de D. Pablo Olmos Pita por non estar presente na sesión do 15 de xullo de 2016.

#### 2.-Apertura de documentación administrativa

##### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) (emenda da documentación)

A secretaria pon en coñecemento da Mesa de Contratación que o 14 de xullo de 2016 foi requirida a emenda da documentación administrativa ás seguintes empresas: Jesús Gutierrez e Calfensa (por falta do obxecto social), Veraleza, SL (por falta da solvencia técnica) e Árboles Noroeste, SL (por solvencia técnica insuficiente) e que todas elas presentaron a documentación en prazo.

Tras a cualificación da referida documentación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 1) Admitir inicialmente no procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) ás empresas que deseguido se relacionan, por ter emendado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa.

- Calfensa Proyectos, SL
- Viveros Gutiérrez
- Árboles Noroeste, SL

- 2) Excluir do procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) á empresa Veraleza, SL, por non ter declarado a solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 8 e Anexo II). No seu escrito presentado o 18 de xullo de 2016 (documento nº 160099112) declara os seguintes subministros:

- Subministro de plantas durante as mensualidades de febreiro e marzo por importes de 118.807,52 euros 157.678,98 euros, respectivamente, sen indicar a que ano se refiren, polo que a Mesa non pode comprobar se a empresa cumpre os requisitos mínimos de solvencia esixidos no prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación.
- Subministro por importe de 276.486,50 euros no primeiro semestre do ano 2016, que non se pode ter en conta porque o referido prego se refire a “contratos de subministro de prestacións análogas ás do obxecto do contrato nos cinco últimos anos”.

**b) Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)**

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

1. Admitir inicialmente neste procedemento a CLECE SEGURIDAD, SAU por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa.
2. Outorgar un prazo de tres días hábiles aos seguintes licitadores para que emenden a documentación presentada polos motivos que se relacionan a continuación:

Licitadores	Motivo
ILUNION SEGURIDAD, SA	Falta solvencia económica e técnica *
ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, SA	Falta solvencia técnica
SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, SL	Falta obxecto social
COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, SA	Falta obxecto social
GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, SA	Falta solvencia económica e técnica *
ASTRA SISTEMAS, SA	Falta solvencia económica e técnica *
EULEN SEGURIDAD, SA	Falta solvencia económica e técnica
GRUPO RMD SEGURIDAD, SL	Falta solvencia económica e técnica *

\* Declaran clasificación que non se esixe neste procedemento nin se contempla no prego de cláusulas administrativas particulares a posibilidade de acreditar a solvencia por este medio.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)**

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

1. Admitir inicialmente neste procedemento a todos os licitadores presentados, que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa:

- SIFU,SL
- XESTION AMBIENTAL DE CONTRATA, SL
- AGRONERGA, SL.
- ELSAMEX, SA
- ALVAC, SA
- EULEN, SA
- CALFENSA PROYECTOS, SL
- ALTHENIA, SL

### **d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)**

Abriuse o sobre A "Documentación persoal" dos licitadores presentados. Ábrese, por erro, o sobre C presentado por ALTHENIA, SL, que é selado e asinado polo presidente e a secretaria diante dos demais membros da Mesa.

Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

1. Admitir inicialmente neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lles exclúa:
  - VIVEROS ADOA, SL
  - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
  - ELSAMEX, SA
  - SIFU, SL
  - ALVAC, SA
  - CALFENSA PROYECTOS, SL
  - ALTHENIA, SL
2. Outorgar un prazo de tres días hábiles a UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. e SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., para que emende a documentación presentada, debendo achegar o compromiso ao que se refire o artigo 59.2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público - TRLCSP - ("Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato").



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)**

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas e admitidas.

Comparecen á apertura:

- D. Jesús Pereira Rodríguez, con DNI 76.895.614-J, en representación de Viveros Adoa, SL
- D. N. Vello Moreno, con DNI 36.113.977-K, en representación de Agronergera, SL
- D. Alberto Rilo Martínez, con DNI 36.114.639-Q, en representación de Agronergera, SL
- D. Alejandro Pallares Vilar, con DNI 33.335.648-T, en representación de Calfensa Proyectos, SL
- D<sup>a</sup>. María Carmen Ventín Pereira, con DNI 53.180.903-G, en representación de Althenia, SL
- D. Jaime Cores Torres, con DNI 32.781.264-P, en representación de SIFU, SL

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)**

Non se procede á apertura porque se acordou no punto 2d desta sesión requirir a UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. e SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L., a emenda da documentación administrativa.

**4.- Apertura de documentación económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)**

En acto público abriuse o sobre B “oferta económica” das ofertas presentadas polos licitadores admitidos neste procedemento co seguinte resultado:

Licitadores	Baixa proporcional única de ..... % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT
JESUS GUTIERREZ SIERRA	21,00%
PERICA OBRAS Y SERVICIOS, SA	15,32%
CALFENSA PROYECTOS, SL	14,08%
ÁRBOLES NOROESTE, SL	4,97%
CENTRO XARDINERÍA CARBALLEIRA, SL	9,40%

A empresa VIVEROS O PIÑEIRO, SL “propón un alza proporcional única de 90% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no PPT”.

A mesa, por unanimidade, acorda:

- a) Excluir a VIVEROS O PIÑEIRO, SL do procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) por apartarse substancialmente a súa proposición do modelo recollido no apartado 7B do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, tal e como esixen o artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas e a cláusula 13.5 C do referido prego.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

b) Dar traslado das demais ofertas ao servizo xestor para informe.

### **b) Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)**

Non se procede á apertura porque se acordou no punto 2b desta sesión requirir a varias empresas a emenda da documentación administrativa.

### **5.- Entrega e, no seu caso, aceptación, dos informes dando conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto de servizos de mantemento das instalacións, técnicos, auxiliares e docentes complementarios para o funcionamento das piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e o Berbés (14.892-333)**

A mesa de contratación, á vista do informe emitido polo director deportivo - xefe da Unidade Técnico Deportiva do 19 de xullo de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coa empresa CLECE, SA por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta.

#### **b) Procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3767-440)**

A mesa de contratación, á vista do informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 18 de xullo de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SL
2. CIVIS GLOBAL SLU
3. ORESA SL
4. CETA CONTRATAS SL
5. CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ SL
6. CONSTRUCCIONES OREGA SL
7. SERGONSA SERVICIOS SL
8. IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS

### **6.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de atención ao público en Vigoo (7144-612) (informe sobre C)**

Entrégase na Mesa o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigoo de data 20 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula, que rectifica o emitido o 15 de xullo de 2016.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612) (informe sobre C)**

Faise entrega do informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo de data 15 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113) (informe sobre C)**

Faise entrega do informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 15 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congresos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240) (informe sobre B)**

Faise entrega do informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o enxeñeiro da Edificación e o xefe do Servizo de Administrativo e Control Orzamentario de data 18 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor que inclúe un anexo de data 20 de xullo que rectifica o anterior do día 18.

**7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de atención ao público en Vigozoo (7144-612) (informe sobre C)**

A Mesa acepta o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo de data 20 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula, que rectifica o emitido o 15 de xullo de 2016.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612) (informe sobre C)**

A Mesa acepta o informe asinado polo director de Réxime Interior de Vigozoo de data 15 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113) (informe sobre C)**

A Mesa acepta o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 15 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congresos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240) (informe sobre B)**

A Mesa acepta o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o enxeñeiro da Edificación e o xefe do Servizo de Administrativo e Control Orzamentario de data 18 de xullo de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor que inclúe un anexo de data 20 de xullo que rectifica o anterior do día 18.

**8.- Informes sobre reformulación de ofertas**

**a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións externas de Recadación e Contabilidade (7694-113)**

Faise entrega do informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 15 de xullo de 2016 sobre reformulación de ofertas que é aceptado pola Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento da aplicación de estadística (7695-113)

Faise entrega do informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 15 de xullo de 2016 sobre reformulación de ofertas que é aceptado pola Mesa.

### 9.- Proposta de clasificación

#### a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de atención ao público en Vigozoo (7144-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	COYMA, SL	91,00
2	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL	84,86
3	EULEN, SA	81,70
4	ATLAS, SL	76,78
5	DISMOBA, SL	44,43

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COYMA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 991,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

#### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL	87,38 puntos
2	LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS, SL	38,36 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 924,80 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 966,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**d) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións externas de Recadación e Contabilidade (7694-113)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do Servizo de mantemento de aplicacións externas de Recadación e Contabilidade na seguinte orde decrecente:

Empresas	
1	T-SYSTEMS IBERIA, SAU

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

### e) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento da aplicación de estadística (7695-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento sen publicidade para a contratación do Servizo de mantemento da aplicación de estadística (7695-113) na seguinte orde decrecente:

Empresas	
1	T-SYSTEMS IBERIA, SAU

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
  4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

#### 10.- Proposta de adxudicación

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de colaboración integral na Xestión Recadatoria (16026-541)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que mediante notificación do 12 de xullo de 2016 requiríuse a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA a documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP por ter sido o licitador clasificado en primeiro lugar. No prazo concedido, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA presenta diversa documentación que é comprobada pola Mesa de Contratación.

Tras a comprobación efectuada, A Mesa acorda, por unanimidade, requirir novamente a ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA para que presenten a seguinte documentación:

1. Acreditación do cumprimento do ratio “core capital” acordado por Basilea III (cet1 en base ás súas contas anuais do ano 2015). O documento que presentan está sen asinar.
2. A declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións da cláusula 26.8 do PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V. e Pr.

O presidente da Mesa

A secretaria

David Regades Fernández

Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 18:20	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54E-5BD7AA-55E3A4-N1FF9T-HFE9H3-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		